

# AYUNTAMIENTOS

## PONTEVEDRA

*Resolución do organismo autónomo local Pazo de Congresos e Exposicións pola que se aproba o Regulamento das tarifas pola utilización dos espacios do organismo autónomo local pazo de congresos e exposicións de Pontevedra dispoñendo a súa publicación.*

O Consello do Goberno do organismo autónomo Local na sesión que tivo lugar o 23 de decembro de 1999 co voto favorable de tódolos presentes excepto o do Sr. Lores Rosal, que se abstivo, acordou prestar aprobación ó proxecto de Regulamento das tarifas pola utilización dos espazos das instalacións do organismo autónomo, o cal deberá publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor, sendo o texto do Regulamento aprobado o seguinte:

### REGULAMENTO DAS TARIFAS POLA UTILIZACION DOS ESPACIOS DO ORGANISMO AUTONOMO LOCAL PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIONS DE PONTEVEDRA (EN ADIANTE ORGANISMO AUTONOMO)

#### ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E OBXECTO.

1. En base ás facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e de conformidade co previsto nos artigos 117 e 41 da lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, correspóndelle ó Consello de Goberno do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra establecer o prezo público de aluguer dos espazos do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, sendo estes, o Pazo da Cultura de Pontevedra, o Recinto Feiral de Pontevedra e o Teatro Principal. A utilización destas instalacións dentro do Organismo Autónomo, rexerese polo presente Regulamento, actualizado de acordo coa Lei 25/1998, que modifica, o previsto no Título 2º da devandita Lei 39/1988.
2. O Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, creouse no Pleno da Corporación en sesión do 25 de xuño de 1998, como un organismo autónomo local de carácter administrativo, para a xestión descentralizada de actividades culturais, turísticas e comerciais nos ámbitos da música, a ópera, o teatro, as feiras, os congresos, as exposicións e outras de natureza análoga a desenvolver no edificio do Pazo da Cultura de Pontevedra, no Pavillón Feiral de Pontevedra e no Teatro Principal de Pontevedra.
3. Será obxecto desta exacción a prestación de servizos e a utilización das instalacións seguintes:

## I. PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA :

### 1.—ZONA AUDITORIO

- 1.1.—AUDITORIO
- 1.2.—VESTIBULO DO AUDITORIO
- 1.3.—SALA DE DESCANSO, XASTRERIA E PRENSA
- 1.4.—CAMERINO COLECTIVO (2 CON 4 DUCHAS C/U)
- 1.5.—CAMERINO DOBRE (4, CON CADANSUA DUCHA)
- 1.6.—CAMERINO SIMPLE (4, CON CADANSUA DUCHA)
- 1.7.—LOCAL DE ENSAIOS
- 1.8.—CAFETERIA E RESTAURANTE
- 1.9.—SALA DE PROTOCOLO
- 1.10.—ABERTO EXTERIOR DE ACCESO AO AUDITORIO
- 1.11.—TERRAZA EXTERIOR ENCIMA DO AUDITORIO

### 2.—ZONA DE CONGRESOS

- 2.1.—SALON DE ACTOS PARA CONGRESOS
- 2.2.—OITO SEMINARIOS
- 2.3.—VESTIBULOS:
  - 2.3.1.—ANDAR 2º CON ACCESO AO VESTIBULO DO AUDITORIO
  - 2.3.2.—ANDAR 3º CON ENTRADA EXTERIOR

### 3.—ZONA DE EXPOSICIONS

- 3.1.—SALA DE EXPOSICIONS
- 3.2.—VESTIBULO DE ACCESO A EXPOSICIONS E CONGRESOS
- 3.3.—ALMACENS
- 3.4.—ABERTO EXTERIOR DE ACCESO A EXPOSICIONS E CONGRESOS

## II. RECINTO FEIRAL

- 1.—VESTIBULO DE ACCESO A EXPOSICIONS E CONGRESOS.
- 2.—SUPERFICIE PRINCIPAL
- 3.—VESTIBULO PRIMEIRO PISO
- 4.—ALMACENS E OFICINAS DO RECINTO FEIRAL
- 5.—APARCADOIRO EXTERIOR
- 6.—ABERTO EXTERIOR DO RECINTO FEIRAL

## III. TEATRO PRINCIPAL

- 1.—TEATRO/AUDITORIO

#### ARTIGO 2.—OBRIGADOS AO PAGO.

Están obrigados ao pago do presente prezo público as persoas e entidades que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as empregue incluso sen obter a preceptiva autorización.

#### ARTIGO 3.—TARIFAS

Nestes prezos está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

**I.—PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA**

	MEDIDAS	CAPACIDADE	TARIFAS POR DIA
<b>ZONA AUDITORIO</b>			
AUDITORIO	704 m <sup>2</sup>	772 Butacas	225.000 ptas.
VESTIBULO DO AUDITORIO	658 m <sup>2</sup>		75.000 ptas.
SALA DE DESCANSO, XASTRERIA E PRENSA	200 m <sup>2</sup>		30.000 ptas.
CAMERINO COLECTIVO (2 con 4 duchas c/u)	86 m <sup>2</sup> c/u		20.000 ptas./ud
CAMERINO DOBRE (4 con cadansúa ducha)	45 m <sup>2</sup> c/u		12.000 ptas./ud
CAMERINO SIMPLE (4 con cadansúa ducha )	40 m <sup>2</sup> c/u		8.000 ptas./ud
LOCAL DE ENSAIOS	154 m <sup>2</sup>		15.000 ptas.
SALA DE PROTOCOLO	150 m <sup>2</sup>		75.000 ptas.
ABERTO EXTERIOR DE ACCESO AO AUDITORIO	400 m <sup>2</sup>		25.000 ptas.
TERRAZA EXTERIOR ENCIMA DO AUDITORIO	600 m <sup>2</sup>		40.000 ptas.
<b>ZONA DE CONGRESOS</b>			
SALON DE ACTOS PARA CONGRESOS	368 m <sup>2</sup>	276 butacas	100.000 ptas.
OITO SEMINARIOS	61 m <sup>2</sup> c/u	30 per. c/u	15.000 ptas.
<b>VESTIBULOS:</b>			
ANDAR 2º. CON ACCESO AO VESTIBULO DO AUDITORIO	150 m <sup>2</sup>		30.000 ptas.
ANDAR 3º. CON ENTRADA EXTERIOR	150 m <sup>2</sup>		30.000 ptas.
<b>ZONA DE EXPOSICIONS ALMACENS</b>			
SALA DE EXPOSICIONS	1.220 m <sup>2</sup>		250.000 ptas.
VESTIBULO DE ACCESO A EXPOSICIONS E CONGRESOS	350 m <sup>2</sup>		50.000 ptas.
ALMACENS	735 m <sup>2</sup>		20.000 ptas. c/u
ABERTO EXTERIOR DE ACCESO A EXPOSICIONS E CONGRESOS	500 m <sup>2</sup>		30.000 ptas.

**TARIFAS ESPECIAIS POR ALUGUER GLOBAL DO PAZO DA CULTURA***Tarifas*

Aluguer diario de todas as salas das zonas interiores do Auditorio	500.000 ptas.
Aluguer diario de todas as salas das zonas interiores de congresos	250.000 ptas.

**II.—RECINTO FEIRAL**

	MEDIDAS	CAPACIDADE	TARIFAS POR DIA
VESTIBULO DE ACCESO A EXPOSICIONS E CONGRESOS	350 m <sup>2</sup>		50.000 ptas.
SUPERFICIE PRINCIPAL-NAVE	4.140 m <sup>2</sup>		350.000 ptas.
VESTIBULO PRIMEIRO PISO	750 m <sup>2</sup>		50.000 ptas.
ALMACENS DO RECINTO FEIRAL	368 m <sup>2</sup>		40.000 ptas.
APARCADOIRO EXTERIOR	1.800 m <sup>2</sup>		200.000 ptas.
ABERTO EXTERIOR DO RECINTO FEIRAL	6.066 m <sup>2</sup>		200.000 ptas.

**TARIFAS ESPECIAIS POR ALUGUER GLOBAL DO RECINTO FEIRAL***Tarifas por día*

ALUGUER DE TODOS OS ESPACIOS INTERIORES DO RECINTO FEIRAL PARA ACTIVIDADES COMERCIAIS	425.000 ptas.
---	---------------

**III.—TEATRO PRINCIPAL**

	MEDIDAS	CAPACIDADE	TARIFAS POR DIA
TEATRO PRINCIPAL		434 butacas	125.000 ptas.
<b>TARIFAS POR OUTROS CONCEPTOS</b>			
	<i>Día Pesetas</i>		<i>Semana Pesetas</i>
Aluguer do piano (unidade)	50.000		200.000 ptas.

### Especificacións ás tarifas

1.—Os vestíbulos de acceso, e a zona de entrega de documentación e de colocación de carteis e bandeiras estarán incluídas no aluguer de cada zona do Pazo, sempre e cando non se utilicen para realizar montaxes ou exposicións de uso comercial

2.—Os almacéns non teñen cargo ningún un día antes, durante e un día despois da celebración do evento.

3.—Os Seminarios alúganse co mobiliario normalizado, é dicir, unha mesa de profesor cunha cadeira, ademais de 30 cadeiras de alumnos.

4.—O aluguer da totalidade dos espazos durante máis dunha xornada implica unha redución dun 20% na tarifa diaria.

Horarios de apertura do Pazo da Cultura de Pontevedra

O horario de apertura do edificio abarcará as seguintes horas:

- \* Pola mañá, dende as 9.00 ás 14:30 horas
- \* Pola tarde, dende as 16:00 ata as 21:00 horas, de luns a sábado.

Os horarios do Recinto Feiral acordaranse en función das necesidades do evento.

Os horarios do Teatro Principal acordaranse en función das necesidades do evento.

### Tarifas por media xornada

Cando os espazos se utilicen en xornada de mañá (de 9:00 a 14:30) ou tarde (de 16:00 a 21:00), é dicir, media xornada, o seu prezo será o 60 por 100 do prezo unitario/día da sala.

Dentro deste horario estará comprendido o tempo de montaxe e desmontaxe.

### Exceso de horario

- \* O exceso de horario en xornada completa comprende o período previo ás 9:00 horas, o comprendido entre as 14:30 e as 16:00 horas e o posterior ás 21:00 horas.
- \* Tanto na tarifa completa como na media xornada, o recargo por exceso de horario será do 20% do prezo unitario/día/sala.
- \* Nas tarifas de alugueres globais da zona do Auditorio, a zona de Congresos, e da zona de exposicións, esixirase un suplemento do 20 por 100.
- \* Cando as salas sexan utilizadas para montaxes e ensaios, aplícase un 50% da tarifa unitaria/día.
- \* Os domingos e festivos, o aluguer das salas sofre un aumento do 25% sobre o prezo unitario/día/sala, debendo contratar a empresa en cuestión un servizo de portería, seguridade e mantemento.

### Gravación para televisión

Cando se realice un espectáculo en calquera espazo do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra, que sexa obxecto de retransmisión ou gravación para a televisión ou distribución por vídeo, o prezo de aluguer por día incrementarase o 20 por 100 do prezo unitario/día/sala.

## S E R V I C I O S

### Teléfonos

Se desexan contratar unha liña de teléfono, o Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra facilitaralle o acceso a ela, debendo a empresa contratar unha alta con Telefónica.

### Limpeza de eventos

Os espazos do Recinto Feiral deben ser devoltos nas mesmas condicións de hixiene e limpeza nas que se entregaron, polo que a limpeza xeral dos espazos durante a montaxe, durante o evento e despois da desmontaxe, deberá ser contratada polo cliente, non habendo servizos concesionados en réxime de exclusividade.

### Seguridade

O Organismo Autónomo dispón das medidas habituais de seguridade por medio de alarmas volumétricas nocturnas e persoal de conserxería diurna, durante as horas de apertura ó público.

En caso de requirir algunha seguridade especial, esta deberá ser contratada polo cliente.

En caso de celebración de eventos multitudinarios no Recinto Feiral, cunha asistencia prevista superior a 300 persoas, a empresa deberá contratar os servizos dunha empresa de seguridade (como mínimo 1 vixilante por cada 300 persoas).

Por cada servizo no que se contraten á vez 10 ou máis gardas e/ou vixilantes, incluírase aparte, un coordinador nas mesmas horas en que se prolongue o servizo.

### ARTIGO 4.—CONDICIONS XERAIS.

1.—En caso de feiras ou concertos, o contratante deberá subscribir unha póliza de Responsabilidade Civil que cubra os posibles danos que se produzan como consecuencia da súa actuación, por un capital mínimo de 100 millóns de pesetas. Na devandita póliza deberá figurar coma beneficiario do seguro o Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, e unha copia dela debe ser presentada con anterioridade ao evento na xerencia do Organismo Autónomo.

2.—En caso de desperfecto dalgún dos bens ou instalacións de calquera dos espazos dependentes

do Organismo Autónomo, o contratante deberá aboar o seu arranxo ou substitución, ou o Organismo Autónomo poderá facer uso da fianza depositada pola empresa.

3.—O Organismo Autónomo non se fai responsable en ningún caso dos posibles danos que poida sufrir a persoa, grupo ou entidade á que se lle ceden os anteditos espazos, así como o público que asista a presenciar o evento.

4.—Todos os servizos de aluguer de accesorios para congresos, como proxectores de diapositivas ou de vídeo, punteiros láser, ordenadores, paneis de exposición, rotulación, mandos a distancia, etc., deberán ser contratados pola empresa.

5.—Os gastos de persoal discontinuo como billeteiros, porteiros, electricistas, acomodadores, vixilantes, persoal de carga e descarga, montaxe e desmontaxe de escenario e calquera outro que se requira en función da natureza do acto, correrán por conta dos organizadores, sendo da súa exclusiva responsabilidade o cumprimento das obrigacións laborais, fiscais ou doutra índole que se deriven de tal relación laboral.

6.—Todos os servizos de restauración móbil, restaurante, mobiliario de caseta, flores, casetas de deseño, limpeza de casetas, persoal de carga e descarga e electricista deberán ser contratados por medio dunha empresa de servizos.

7.—O Organismo Autónomo resérvase o dereito a retirar a cesión dos espazos a aquela entidade ou persoa que non cubra todas as condicións, eximindo o Organismo Autónomo de toda responsabilidade.

#### CONSTITUCION DUNHA FIANZA

As axencias de viaxe e organizadores profesionais de congresos e feiras deberán constituír unha garantía global, ante a dirección do Pazo, mediante aval prestado por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España.

A garantía, por importe de 1.000.000 de pesetas, responderá, xenérica e permanentemente das obrigacións de todos os contratos de aluguer de locais e servizos celebrados co Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra.

Nestes prezos non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

#### ARTIGO 5.—OBRIGACION DE PAGO.

1.—A obrigación de pago xorde coa utilización dos bens e servizos aos que se refire este regulamento, sen prexuízo do establecido no artigo seguinte.

2.—Non están obrigadas ao pagamento de cantidade ningunha as actividades culturais e deportivas ou actos de calquera índole, organizados polo Concello de Pontevedra.

3.—O Presidente do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, poderá acordar a redución e ata a condonación total das tarifas previstas cando en atención ao carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos, sexa un organismo público, colexio profesional ou institución sen fins de lucro, e se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado e conter os informes pertinentes sobre a institución demandante, con independencia do réxime establecido para as entidades colaboradoras, segundo o disposto nos Estatutos do Organismo Autónomo. O Sr. Presidente dará conta ao Consello de Goberno das resolucións adoptadas.

4.—As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios a que se refire o número anterior solicitarán do Organismo Autónomo acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima dun mes sobre a celebración do acto, agás causa debidamente xustificada. A Dirección do Organismo Autónomo comunicarlle as condicións da cesión por escrito.

#### ARTIGO 6.—NORMAS DE XESTION.

1.—As instancias presentadas nas dependencias do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra serán tramitadas por este, correspondendo á Dirección - Xerencia emitir a contestación sobre a procedencia do acto que se pretende celebrar.

2.—A xestión e recadación deste prezo público corresponderá ó Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra.

3.—Esixirase o depósito previo do importe total dos dereitos polos servizos previstos neste Regulamento que será depositado na oficina do Organismo Autónomo un día antes do evento. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo debido a causa non imputable ao obrigado ao pago, tramitaranse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos.

4.—O Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra extenderá as cartas de pago, boletos, tickets ou calquera outro documento que se estableza como xustificante de pago.

5.—Cando se trate de autorizacións para realizar actos por parte de sociedades ou partidos políticos de índole non cultural, ou espectáculos ou festivais que excedan os espazos pertencentes ao Organismo Autónomo, a autorización solicitarase por medio de instancia dirixida ao Concello de Pontevedra.

#### ARTIGO 7.

Os prezos establecidos no presente Regulamento poderán reducirse ou suprimirse mediante conve-

nios de colaboración concertados con empresa pública ou privada para a promoción de actividades feirais tendo en conta a colaboración que presten para satisfacción dos intereses públicos municipais.

*DISPOSICION FINAL.*

O presente Regulamento das tarifas pola utilización dos espazos do Organismo Autónomo Local Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, aprobada polo Concello de Goberno do Organismo Autónomo, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.

O que se fai público para xeral coñecemento e para os seus efectos.

Pontevedra, 17 de xaneiro de 2000.—O Vicepresidente, Xosé Luis Bará Torres.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 4122

\* \* \*

**VILAGARCIA DE AROUSA**

**E D I T O**

Solicitándose por Comercial San Remo, S.L., licenza municipal para construír un local, para destinalo a recreo público de Cafetería, a emprazar en Avda. Mariña-parcela municipal do Cavadelo, cumprindo co disposto no artigo 36, apartado a), número 5, do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas do 27 de agosto de 1982, sométese o expediente orixinado a información pública, podéndose examinar nas Oficinas Municipais de Secretaría por un prazo de dez días hábiles —que empezarán a contarse denden o seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia— podendo neste período presentar contra o mesmo as alegacións ou exposicións, individuais ou colectivas, tanto de oposición como de modificación ou rectificación, que se consideren oportunas.

Vilagarcía de Arousa, a 15 de maio de 2000.—O Alcalde, Joaquín J. Gago López. 4042

*Anuncio de exposición e cobranza do Padrón do Imposto sobre Bens Inmóbles (Rústica e Urbana)*

**A) ANUNCIO DE EXPOSICION DO PADRON**

Aprobado pola Comisión Municipal de Goberno, en sesión celebrada o día 15 de maio de 2000, os Padróns Fiscais do Imposto sobre Bens Inmóbles (Rústicos e urbanos) para o actual exercicio, exponse ó público na Oficina de Interven-

ción deste Concello por un prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar desde o día seguinte ó da inserción deste edito no Boletín Oficial da provincia, co fin de que durante o mesmo se poidan formula-las reclamacións que se consideren pertinentes, que se dirixirán ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de maio de 2000.—O Alcalde-Presidente, Joaquín Javier Gago López.

**B) ANUNCIO DE COBRANZA**

Os efectos da regulamentaria notificación colectiva pónse en coñecemento de tódolos contribuintes afectados que o prazo de cobranza de Imposto sobre Bens Inmóbles (Rústicos e Urbanos) será o seguinte:

- a) Período de cobro: Dende o día 15 de xuño ata o 17 de agosto.
- b) Horario e lugar de cobro: Oficinas de Recadación Municipal, rúa Santa Lucía, nº 4, de 9,00 a 13,30 horas.
- c) Domiciliación: Os contribuintes que aínda non domiciliaron o pago, poderán efectualo nunha entidade bancaria dando conta ó Recadador.
- d) Advertencia: Os débitos non satisfeitos no período requerido quedarán incursos na vía executiva co 20% de recargo.

Vilagarcía de Arousa, a 19 de maio de 2000.—O Alcalde-Presidente, Joaquín Javier Gago López.

4033

\* \* \*

**LALIN**

**A N U N C I O**

A Comisión de Goberno, en sesión de 14-12-99, acordou inicia-los trámites para a contratación dun aluguer a longo prazo ou "renting" de dous vehículos, e para tal efecto aprobou o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que se expón xunto co presente polo prazo de oito días para reclamacións, e ordenou anuncia-lo seguinte concurso público:

ENTIDADE ADXUDICATARIA: Concello de Lalín. Praza do Concello, nº 1. 36500 Lalín. Teléfono 986-787060. Fax 986-780638.

OBJECTO: "Servicio de aluguer ou renting de dous vehículos".

TIPO MAXIMO DE LICITACION: 3.865.000 pesetas/ano.

DURACION DO CONTRATO: Dous anos.